CONSIDERACIÓNS UGT- GALICIA AO DITAME SOBRE O PLAN DIRECTOR DO SECTOR FORESTAL-MADEIRA 2026-2028 CES-GALICIA

Consideracións xerais

Entendendo que o propio Plan indica que se centra na dimensión industrial, debe poñerse ao mesmo nivel a produción primaria que o sustenta. O sector forestal primario non só achega materia prima, senón que desempeña un papel esencial na ordenación do territorio, na prevención de incendios e na fixación de poboación no rural.

O Plan Director do Sector Forestal-Madeira debe configurarse como un instrumento integral que combine rigor na diagnose, aposta decidida polo emprego de calidade, mellora das condicións de seguridade laboral, impulso á formación especializada e transformación do modelo produtivo cara a un maior valor engadido e sustentabilidade.

Consideracións específicas:

Páxina 36. Cadea de valor forestal- madeira

En relación á dificultade de delimitación do sector que o propio plan director indica, para UGT Galicia o sector forestal galego presenta singularidades estruturais que o diferencian doutros sectores industriais estratéxicos: unha elevada fragmentación da propiedade, unha importante presenza de titulares non profesionais e unha actividade que, en moitos casos, transcende o ámbito empresarial estrito, ao constituír para moitas familias unha fonte complementaria de renda. Esta realidade dificulta a delimitación estatística e económica da actividade, polo que resulta imprescindible descender a un maior nivel de detalle na análise por CNAE e incorporar outros indicadores que permitan cuantificar con maior precisión o emprego directo e indirecto, así como o impacto real sobre a economía rural galega.

5.2. Magnitudes sectoriais (páxina 38)

En primeiro lugar, a diagnose presentada resulta insuficiente ao centrarse de maneira predominante no sector industrial en xeral e facer unha diagnose de moi poucas variables.

5.4. DAFO (páxina42)

Do mesmo xeito, cómpre revisar determinados elementos do DAFO que non se atopan suficientemente fundamentados, como por exemplo:

A consideración de Debilidade de “insuficiencia de recoñecemento social da industria como motor da economía galega e panca fundamental (...)”, non se comparte por esta organización, ou ben non queda claro a que se están a referir con esta expresión.

De considerar como Ameaza a dificultade de acceso ao talento, bótase en falta unha diagnose previa que identifique as causas reais da escaseza de persoal e da falta de remuda xeracional. Neste sentido, o Plan debe incorporar de maneira central o eixo do emprego de calidade como instrumento esencial para a retención de talento e para garantir a sustentabilidade do sector. O sector forestal-madeira só poderá consolidarse como motor económico se ofrece condicións laborais estables para as novas xeracións.

Engadir como debilidade a seguridade e saúde laboral, esta debe ocupar unha posición prioritaria dentro do Plan. O sector forestal e da madeira presenta índices elevados de sinistralidade, derivados da utilización de maquinaria pesada, do traballo en condicións climatolóxicas adversas e da exposición a riscos específicos como cortes, atrapamentos ou po de madeira...

Engadir tamén nas fortalezas en relación á existencia dunha completa oferta formativa que no ámbito da cualificación profesional Galicia conta cunha fortaleza relevante que debe ser incorporada explicitamente, a formación para o emprego, resulta fundamental valorizar os Centros Integrados de Formación Profesional, ampliando a súa especialización en silvicultura avanzada, xestión forestal sostible, madeira estrutural e deseño e fabricación de moble. A aposta por formación para o emrpego e pola certificación profesional constitúe unha ferramenta esencial para adaptar o sector ás novas tecnoloxías, ás esixencias normativas e ás oportunidades derivadas das novas exixencias.

Páxina 45 Construción e rehabilitación de edificios/vivendas con madeira.

En relación co modelo produtivo, o Plan debe avanzar decididamente cara a un maior valor engadido, reducindo a dependencia de produtos estruturais importados e impulsando a transformación local da madeira galega. A diversificación forestal, mediante a promoción de frondosas autóctonas e unha planificación forestal a longo prazo, resulta estratéxica tanto desde o punto de vista económico como ambiental. A excesiva dependencia de determinadas especies e a orientación cara a modelos de produción de baixo custo limitan o potencial de desenvolvemento industrial, mais en elementos estruturais da construción que dependen da importación. O obxectivo debe ser consolidar unha cadea de valor completa en Galicia, desde a xestión sostible do monte ata a fabricación de produtos estruturais de alto valor engadido.

Páxina 46. Revalorización de madeira como referente no deseño

Propoñer que se mencione, ademais dos exemplos de empresas de fora, se existe, algunha empresa galega de referencia.

Páxina 55. Persoas

Introdúcese a perspectiva de xénero neste epígrafe, pero é unha cuestión que debería ter maior desenvolvemento ao ser un sector de marcada infrarepresentación das mulleres.